



RECOMENDACIÓNS PARA OS ASPIRANTES USO DA MÁSCARA NOS PROCESOS SELECTIVOS DO SERGAS

Todos os cidadáns deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos devanditos riscos, por todo isto e aínda que finalice a obriga de uso de máscara en interiores, dende a Dirección Xeral de Saúde Pública se segue a recomendar a prudencia e o seu uso en espazos pechados cando non se poida garantir que nas actividades se garde a debida distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m e a ventilación adecuada.

Este uso nos espazos pechados de uso público nos que as persoas transitan ou permanecen un tempo prolongado, así como nos eventos multitudinarios, está incorporado na exposición de motivos da norma sobre o uso da máscara (Real Decreto 286/2022, de 19 de abril, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19, dispoñible na ligazón: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-6449-consolidado.pdf>).

Por todo o anterior a Dirección Xeral de Saude Pública **RECOMENDA aos aspirantes a prudencia e o uso da máscara:**

- Nas entradas e saídas ao recinto
- Cando se esté en movemento
- Cando non se poida garantir a distancia de seguridade de 1.5 metros de distancia
- Uso da máscara de forma constante para os aspirantes que sexan casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos. Máis información na ligazón: <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Que-facer-contacto-covid>



- Do mesmo xeito, uso da máscara de forma constante aos grupos vulnerables de aspirantes (persoas de 60 anos ou máis, persoas con condicións de alto risco (grupo 7 da estratexia de vacinación, o cal inclúe ás persoas inmunodeprimidas) e mulleres embarazadas